

# PROGRAMA DE CONTIDOS DA ACTIVIDADE

## I. Nome da actividade

Recollida e validación de datos de voz en galego polo Proxecto Nós a través da plataforma Common Voice

## II. Distribución das horas

### 1. Familiarización co Proxecto Nós e as tecnoloxías da fala

Tempo estimado: **5 h**

Actividades previstas:

- Entrar na páxina do [Proxecto Nós](#) e consultar as informacións dispoñibles (páxina inicial, Presentación e Recursos). Probar as ferramentas proporcionadas polo proxecto, poñendo especial atención nas ferramentas de voz ([NósTTS](#) e [NósASR](#)).
- Entrar na [páxina de divulgación](#) da campaña de recollida de voz polo Proxecto Nós e ver o [vídeo](#) de instrucións.

### 2. Creación do perfil de usuario en Common Voice, familiarización coa plataforma e lectura da guía de gravación e validación

Tempo estimado: **2,5 h**

Actividades previstas:

- Creación do perfil de usuario en [Common Voice](#).
- Familiarización coa plataforma, o seu propósito e as diferentes modalidades de colaboración.
- Lectura da [guía de gravación e validación](#).

### 3. Gravación e validación de audios en galego en Common Voice

Tempo estimado: **10 h**

Actividades previstas:

- Gravar un mínimo de **250 bloques** de 5 frases en galego (aprox. **5,5 h** de gravación efectiva + **1,5 h** para revisión, dúbidas etc.)
- Validar un mínimo de **150 bloques** de 5 frases en galego (aprox. **2 h** de validación efectiva + **1 h** para revisión, dúbidas etc.)

### 4. Redacción dun informe de actividades no que se abordarán, como mínimo, os seguintes temas:

- I. Introducción (as tecnoloxías da fala e as súas aplicacións, os datos necesarios para o seu desenvolvemento, o Proxecto Nós, a iniciativa Common Voice etc.)

## II. Descrición detallada e valoración da actividade desempeñada nas dúas subtarefas:

### 1. Gravación

- a. Comprobarase cunha captura de pantalla da listaxe de colaboradores de galego que o/a alumno/a alcanzara o número mínimo de fragmentos gravados.
- b. Detallaranse as posibles dúbidas e dificultades no desempeño da tarefa e na interacción coa plataforma Common Voice

### 2. Validación

- a. Comprobarase cunha captura de pantalla da listaxe de colaboradores de galego que o/a alumno/a alcanzara o número mínimo de fragmentos validados.
- b. Detallaranse as posibles dúbidas e dificultades no desempeño da tarefa e na interacción coa plataforma Common Voice

## III. Valoración global da actividade para os coñecementos do/a alumno/a

Tempo estimado: **7,5 h**

## III. Inscripción, seguimento e prazos

### 1. Inscripción:

O alumnado participante inscribírase na actividade completando o formulario dispoñible en <https://forms.office.com/e/KX8a7hXuHu> coa seguinte información:

- Nome e apelidos
- DNI
- Correo electrónico en uso
- Facultade
- Grao
- Curso
- Nome de usuario en Common Voice

### 2. Prazo:

O alumnado participante deberá completar a tarefa (participación en Common Voice e redacción do informe de actividades) en 30 días desde a data da inscrición.

### 3. Seguimento da actividade:

O seguimento da actividade das persoas participantes na plataforma faise a través do seu perfil de usuario/a.

Para cada lingua, a plataforma publica unha clasificatoria dos/as usuarios/as en función dos fragmentos gravados e dos fragmentos aprobados. Nesta listaxe aparecen unicamente os/as usuarios/as que teñen activada esta opción no seu perfil.

Para a xustificación da súa contribución de cara á obtención do crédito ECTS, o alumnado participante terá que optar por estar visible na clasificación e desta forma poderá tomar unha captura de pantalla que mostre o número de fragmentos en galego cos que contribuíu a Common Voice, tanto gravados como validados. Os valores maiores de 1.000 aparecen

no tableiro redondeados, mais o valor exacto pode recuperarse mantendo o rato encima do valor que se desexa especificar.

Fig. 1.a. Tableiro de participación (gravación). Inicio da lista

Os máis colaboradores	
FRAGMENTOS GRAVADOS	
FRAGMENTOS APROBADOS	
01	ricardo ▶ 3k
02	Jesús Amieiro ▶ 3172
03	MLuz ▶ 1k
04	Antía ▶ 1k
05	Xosé ▶ 1k

Fig. 1.b. Tableiro de participación (gravación). Final da lista

Os máis colaboradores	
FRAGMENTOS GRAVADOS	
FRAGMENTOS APROBADOS	
211	ma0miaikav ▶ 5
212	marianfouce ▶ 5
213	mariaabeledo08 ▶ 3
214	mabeveri ▶ 3
215	Xixa ▶ 2

Fig. 2.a. Tableiro de participación (validación). Inicio da lista

Os máis colaboradores	
FRAGMENTOS GRAVADOS	
FRAGMENTOS APROBADOS	
01	Marcos ▶ 5k
02	Noelia.GD ▶ 4k
03	Elba ▶ 4k
04	EFR ▶ 4k
05	ricardo ▶ 3k

Fig. 2.b. Taboleiro de participación (validación). Final da lista



The screenshot shows a web interface titled "Os máis colaboradores" (The most collaborators). It features a search bar with the text "GALEGO" and a list of users with their validation counts. The list is sorted by the number of validations, with the highest count at the top.

FRAGMENTOS GRAVADOS	
FRAGMENTOS APROBADOS	
206	ANTONIO Lopez Diaz
207	mariaabeledo08
208	lucumon
209	kreoton
210	chicano montini

En todo o proceso, requirirase atención e calidade na execución das tarefas. Por unha parte, o alumnado participante ten que ser consciente de que os fragmentos gravados son posteriormente validados por outros usuarios (incluído o persoal investigador de Nós) e a calidade da validación dos fragmentos sonoros tamén se pode comprobar unha vez descargado o conxunto de datos validados que Mozilla publica de forma periódica.

O persoal investigador de Nós estará dispoñible para facer o seguimento correspondente das achegas do alumnado e contestar as dúbidas que poidan xurdir.

O informe de actividades elaborado entregárase preferentemente en formato PDF a través do formulario dispoñible en <https://forms.office.com/e/LHHVMBt2vM>.